



NORMATIVA INTERNA

Para formalizar a inscrición será preciso entregar a folla de inscrición e a de protección de datos na administración do Colexio.

Manterase a oferta en tódalas actividades sempre que se acade un número mínimo de inscritos.

Os horarios e grupos serán orientativos e quedarán suxeitos a posibles variacións se fose preciso por necesidades organizativas.

Salvo excepcións, o importe das actividades non se devolverá unha vez realizadas as inscricións.

Os alumnos que incumplan reiteradamente as normas de funcionamento das actividades serán apartados de estas, previo aviso aos seus titores legais.

Os impagos inxustificadas que se produzan causarán a baixa de ese alumno na actividade.

As baixas en calquera das actividades solicitaranse por escrito na administración do Centro cun mínimo de 15 días de antelación.

O pago da actividade de **inglés** cargarase en conta domiciliada antes do día 5 de cada mes. Os datos bancarios, facilitaráselle ao administrador do Centro no momento de realizar a inscrición. É imprescindible especificar o horario desexado para asistir á actividade.

Nas actividades impartidas por **NENOS** e **PLAYCODE** realizarase a inscrición na administración do colexio e o cobro será realizado polas propias empresas mediante domiciliación bancaria.

Nas actividades impartidas por **TICS**, a inscrición realizarase na administración do colexio e o cobro será realizado pola propia empresa a través de recibo ou transferencia bancaria.

Nas actividades de **teatro** e **chino**, o pago da primeira mensualidade corresponderá ao mes de outubro. As seguintes mensualidades serán xestionadas polo profesor da actividade.

Na última semana de xaneiro abonarase a segunda cuota das actividades que teñan dous prazos así como a que corresponda as actividades do 2º cuatrimestre . A segunda e terceira cuotas das actividades trimestrais pagarase en xaneiro e abril.

Os **equipos federados de baloncesto e fútbol sala que participen en competicións autonómicas e provinciais**, deberán aboar en concepto de desprazamentos un suplemento que se acordará en asemblea a celebrar no mes de outubro.

No taller de **artes plásticas** o prezo incluírá o material.

Máis información sobre as actividades, noticias, imaxes, videos, etc, serán publicados na nosa web e plataformas sociais (Twitter, Facebook, Youtube, Instagram...)

Para calquera aclaración, dirixirse ao coordinador das actividades extraescolares: D. Julio Feijóo ou á administración do Centro. Tamén poden facelo a través do formulario de contacto da nosa web ou vía email a: clubvedruna@ccvedrunaourense.com